

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

8400 *Real decreto lei 6/2011, do 13 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados polos movementos sísmicos acaecidos o 11 de maio de 2011 en Lorca, Murcia.*

O municipio de Lorca (Murcia) sufriu o pasado 11 de maio de 2011 as consecuencias dun terremoto de magnitude 5,1 graos segundo a escala de Richter, que foi precedido dun movemento sísmico de 4,5. Trátase do suceso máis grave deste tipo acaecido nos últimos anos en España.

O epicentro localizouse na serra de Tercia, no termo municipal de Lorca. O sismo provocou numerosos danos persoais e materiais nun raio de entre cinco e dez quilómetros ao nordeste do núcleo urbano, cerca da autovía de Murcia, e sentiuse con forza en varias poboacións da rexión.

A intensidade deste fenómeno produciu numerosas consecuencias catastróficas, entre as cales cabe destacar moi especialmente o falecemento de nove persoas. Así mesmo, máis de dous centenares de persoas resultaron feridas como consecuencia dos desprendementos de cascotes que os sorprenderon cando camiñaban polas rúas. A isto engádeselle que miles de persoas foron desaloxadas das súas vivendas e un elevado número de veciños abandonaron os seus domicilios temporalmente ante a posibilidade de que se producisen novos movementos sísmicos. Tamén se rexistraron danos en edificios e infraestruturas de titularidade municipal, en bens do patrimonio cultural e en numerosas vivendas.

A magnitude desta catástrofe exige, desde o principio constitucional de solidariedade, unha acción inmediata dos poderes públicos que leve a cabo, en primeiro lugar, a adopción de diversas medidas paliativas e reparadoras que contribúan ao restablecemento gradual da normalidade na zona; en segundo lugar, a definición dos procedementos de coordinación e dos mecanismos de colaboración entre os órganos da Administración xeral do Estado, da Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia e das administracións locais afectadas que permitan garantir a pronta execución das ditas medidas e, por último, a determinación do financiamento dos gastos que de tales actuacións deriven.

A gravidade dos danos materiais producidos, especialmente nas vivendas da zona, así como a posible incidencia sobre a actividade económica, fan necesaria a aprobación de normas excepcionais en relación con estes bens e co aloxamento provisional dos damnificados. A aplicación destas normas especiais leva consigo a inadecuación das regras que con carácter xeral, sobre esta mesma materia, establece o Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, polo que se regulan as subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica, e se establece o procedemento para a súa concesión.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro do Interior, da vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Economía e Facenda, do vicepresidente terceiro do Goberno e ministro de Política Territorial e Administración Pública, da ministra de Defensa, do ministro de Fomento, do ministro de Traballo e Inmigración, da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, do ministro da Presidencia e da ministra de Sanidade, Política Social e Igualdade, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de maio de 2011,

DISPOÑO:

Artigo 1. Ámbito de aplicación.

As medidas establecidas neste real decreto lei aplicaranse á reparación dos danos persoais e materiais ocasionados polos movementos sísmicos acaecidos o día 11 de maio de 2011 no municipio de Lorca (Murcia).

Artigo 2. Axudas excepcionais por danos persoais en casos de falecemento e de incapacidade absoluta e permanente.

1. No caso de falecemento de persoas como consecuencia destes fenómenos, por cada membro falecido da unidade familiar ou de convivencia concederáse a cantidade de 18.000 euros, coas condicións e requisitos establecidos no artigo 19 do Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, e non será de aplicación o requisito de dependencia económica previsto nos números 19.1.d) e no 19.2 deste.

2. Idéntica cantidade se concederá no suposto de incapacidade absoluta e permanente do membro da unidade familiar ou de convivencia, e o beneficiario será a persoa declarada na dita situación.

3. Estas axudas só procederán se a morte ou a incapacidade foron causadas directamente polos feitos descritos no artigo 1 deste real decreto lei.

4. O financiamento das axudas previstas neste artigo realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 16.01.134 M.482, Para atencións de toda clase motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia, dotada co carácter de ampliable no vixente orzamento do Ministerio do Interior.

Artigo 3. Axudas excepcionais por danos materiais.

1. Concédense axudas nos seguintes supostos:

a) Para alugamento de vivendas e reposición de enxoval:

1. Nos supostos en que, como consecuencia do sismo, se producise a destrución total da vivenda ou ben, debido ao seu mal estado residual, fose precisa a súa demolición, os seus propietarios, no suposto de que constituíse a súa residencia habitual, poderán acceder a unha vivenda en réxime de alugamento, durante un período máximo de 24 meses, prorrogable, se for o caso, ata que sexa posible a reconstrución da vivenda ou a disposición dunha nova, aínda que se poderán admitir outras fórmulas de realoxamento alternativas cando así resulte necesario.

2. Os que ocuparen como residencia habitual, en réxime de alugamento, vivendas que resultasen totalmente destruídas ou fosen demolidas, poderán acceder a axudas por alugamento consistentes no aboamento da diferenza entre as rendas de alugamento da anterior e da nova vivenda, por un período de tempo igual ao reflectido no número 1.

3. No suposto de que a rehabilitación ou reparación da vivenda, nos termos a que se refire a letra c), exixa o seu desaloxo, poderase acceder igualmente a unha vivenda en réxime de alugamento, durante un período máximo de 12 meses, prorrogable, se for o caso, ata que sexa posible a disposición da vivenda.

4. A contía máxima que poden alcanzar estas axudas non poderá superar o importe de 74,13 euros/m²/alugamento ano por vivenda e ata un máximo de 6.671,7 euros/ano.

5. Os que, como consecuencia dos movementos sísmicos producidos, sufrisen destrución ou danos en enxoval de primeira necesidade, poderán percibir, logo da súa acreditación, unha cantidade máxima de 2.580 euros para a súa reposición.

b) Para os gastos de emerxencia en que incorrese o Concello de Lorca, derivados de actuacións imprescindibles e inaprazables para garantir a vida e a seguridade das persoas e o funcionamento dos servizos públicos esenciais, e para aqueles gastos ocasionados pola prestación persoal ou de bens ou servizos daquelas persoas físicas ou xurídicas que

fosen requiridas pola autoridade competente no ámbito da Administración xeral do Estado con motivo da situación de emerxencia.

c) Para reparación, rehabilitación e reconstrución de vivendas:

1. Nos supostos en que, como consecuencia do sismo, se producise a destrución total da vivenda, os seus propietarios, no caso de que a dita vivenda constituíse a súa residencia habitual, poderán ser beneficiarios dunha axuda económica para a súa reparación, rehabilitación e reconstrución, cuxa contía quedará determinada, no seu límite máximo, polo valor dos danos producidos segundo a taxación pericial efectuada ou ratificada polo órgano competente da Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia, sen que en ningún caso o importe da dita axuda poida ser superior ao 80 % do prezo de venda dunha vivenda cualificada de protección oficial de réxime especial, situada na mesma localidade que a vivenda destruída. Para os efectos do cómputo do dito prezo de venda suporase unha superficie útil da vivenda protexida de 90 metros cadrados, sen rocho nin garaxe.

2. Se a vivenda non resultou destruída, senón danada, a contía máxima da axuda económica para a súa rehabilitación ou reparación, baixo os mesmos supostos que os do número anterior, será de 24.000 euros.

3. Poderán tamén ser beneficiarios destas axudas previstas para a reconstrución, rehabilitación ou reparación dunha vivenda sinistrada os que a ocupasen como residencia habitual, en calidade de usufrutuarios ou arrendatarios con contrato sometido a prórroga forzosa. En tal caso, para os efectos da súa reconstrución, rehabilitación ou reparación, resultará perceptor da axuda correspondente quen acredite ser propietario do inmovible.

Non obstante o anterior, no caso de comunidades de propietarios, por danos en elementos comúns, o perceptor da axuda será o representante legal da comunidade de propietarios.

2. As axudas excepcionais por danos materiais que se establecen neste artigo terán carácter extraordinario e rexeranse polo disposto neste real decreto lei. Para a súa concesión non será de aplicación o establecido sobre esta materia no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, polo que se regulan as subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica, e se establece o procedemento para a súa concesión.

Artigo 4. *Requisitos.*

Os particulares que soliciten as axudas previstas no artigo anterior deberán acreditar, por calquera medio admisible en dereito, que reúnen os seguintes requisitos:

a) Ter a súa residencia no municipio de Lorca (Murcia) e que a vivenda sinistrada constituía o seu domicilio habitual con anterioridade ao sinistro.

b) Xustificar, de ser o caso, o importe dos gastos xerados polo arrendamento que resultase necesario como consecuencia da situación da vivenda destruída ou danada.

c) Reunir a condición de propietario, usufrutuario ou arrendatario nos termos que se determinan no artigo 3.1.a) e c).

Artigo 5. *Indemnización de danos en producións e instalacións agrícolas e gandeiras.*

1. As indemnizacións previstas neste artigo irán destinadas aos titulares das explotacións agrícolas ou gandeiras que, tendo pólizas en vigor amparadas polo Plan de seguros agrarios combinados para o ano 2011 e estando situadas no ámbito xeográfico sinalado no artigo 1, sufrisen perdas superiores ao 20 %, conforme os criterios establecidos pola Unión Europea a este respecto.

2. Serán obxecto de indemnización:

1. Nas explotacións gandeiras, as perdas producidas como consecuencia dos danos rexistrados sobre áreas de aproveitamento gandeiro, sempre e cando os animais das ditas explotacións estean asegurados en calquera das liñas de seguros contidas no dito plan.

Adicionalmente, nas explotacións gandeiras, serán obxecto de indemnización as perdas ocasionadas como consecuencia dos danos rexistrados sobre sistemas de climatización e ventilación en instalacións cerradas. Serán compensables tanto os danos nos ditos sistemas como os que se producen pola morte de animais pola súa falta de funcionamento. Compensaranse tamén os posibles danos que se ocasionasen por esmagamento dos animais.

2. Serán, igualmente, obxecto de indemnización os danos rexistrados naquelas producións agrícolas e gandeiras para as cales, nas datas do sinistro, non se tivese iniciado o período de contratación do correspondente seguro, sempre e cando se tivese contratado o dito seguro na campaña anterior.

3. Para as restantes producións agrícolas e gandeiras que no momento de se produciren os danos dispuxesen de póliza en vigor amparada polo sistema de seguros agrarios combinados, serán indemnizados os danos que non fosen garantibles mediante o dito sistema.

Neste sentido, nas explotacións agrícolas indemnizaranse as perdas producidas como consecuencia dos danos rexistrados sobre sistemas e instalacións de rega, sobre invernadoiros ou emparrados ou sobre outras instalacións de protección ou conducción das producións. Serán compensables tanto os danos sobre as ditas instalacións como os que se producen pola caída destas sobre as producións agrícolas.

4. Por último, serán obxecto de indemnización os danos orixinados polos movementos sísmicos nas producións agrícolas e gandeiras non incluídas no vixente plan de seguros agrarios combinados, excepto no caso de que as ditas producións estivesen garantidas por algunha outra modalidade de aseguramento.

5. As perdas rexistradas nas explotacións gandeiras como consecuencia dos danos producidos sobre áreas de aproveitamento gandeiro serán compensadas cunhas indemnizacións en concepto de gastos extraordinarios para a alimentación dos animais.

Para a determinación da indemnización nas producións agrícolas valoraranse as perdas rexistradas sobre a produción esperada na campaña. Para o caso de producións agrícolas leñosas terase en conta, ademais, unha compensación equivalente ao custo de reposición das plantacións afectadas e a posible repercusión que se puidese orixinar na colleita das próximas campañas.

Para as restantes producións, a indemnización que se percibirá determinarase tendo en conta, na medida en que resulten aplicables, as condicións e procedementos establecidos no sistema de seguros agrarios.

O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, en coordinación coa comunidade autónoma, establecerá o procedemento para a determinación de todas as indemnizacións previstas neste punto e a súa contía máxima.

Artigo 6. *Límite e compatibilidade das axudas.*

O valor das axudas concedidas en aplicación deste real decreto lei, no que aos danos materiais se refire, non poderá superar en ningún caso a diferenza entre o valor do dano producido e o importe doutras axudas ou indemnizacións declaradas compatibles ou complementarias que, por igual concepto, puidesen conceder outros organismos públicos, nacionais ou internacionais, ou que correspondesen en virtude da existencia de pólizas de aseguramento.

Artigo 7. *Comisión mixta.*

Para a valoración, determinación e contía das axudas concedidas a particulares, en virtude das solicitudes presentadas, por arrendamento, reconstrución, rehabilitación ou reparación de vivendas que constitúan o seu domicilio habitual, crearase unha comisión mixta copresidida polo delegado do Goberno na Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia e o conselleiro de Obras Públicas e Ordenación do Territorio da dita comunidade autónoma, e composta por un representante da Administración xeral do Estado, un representante da Administración autonómica e un representante do Concello de Lorca.

Esta comisión mixta, atendendo a criterios de equidade, tras valorar os gastos e os danos acreditados e a situación económica e social de cada solicitante, elevará ao órgano

competente para resolver unha proposta individualizada motivada en relación coa axuda que se solicita, así como sobre a contía que se deba conceder en caso de proposta favorable, que en ningún caso poderá superar os límites que se establecen para cada suposto no artigo 3.

A citada comisión mixta poderá solicitar do Consorcio de Compensación de Seguros a información de que dispoña esta entidade pública sobre as valoracións de danos que realizase e a contía das indemnizacións que aboase. O Consorcio de Compensación de Seguros queda autorizado para cedela, de acordo co disposto no artigo 11.2.a) da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Así mesmo, a resolución correspondente deberá determinar o prazo máximo de execución das obras a que se destina a axuda. O prazo máximo para a reconstrución ou rehabilitación da vivenda será de 24 meses e o prazo máximo para a reparación de danos será de 12 meses. Estes prazos poderanse ampliar por causas excepcionais que expresamente autorice a comisión mixta.

Artigo 8. *Financiamento das axudas excepcionais por danos materiais.*

1. As axudas previstas no artigo 3.1.a) financiaranse nun 50 % pola Administración xeral do Estado, con cargo á aplicación orzamentaria 16.01.134 M.482, Para atencións de toda clase motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia, dotada co carácter de ampliable, no vixente orzamento do Ministerio do Interior e, se for o caso, o restante 50% polas outras administracións públicas segundo os acordos que se alcancen.

2. As axudas previstas no artigo 3.1.b) custearaas na súa totalidade a Administración xeral do Estado, con cargo ás aplicacións orzamentarias 16.01.134 M.461, A corporacións locais para atencións de toda clase motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia, e 16.01.134 M. 471, A empresas privadas por actividades realizadas por requirimento da autoridade competente en situacións de emerxencia, dotadas, co carácter de ampliables, no vixente orzamento do Ministerio do Interior. Os gastos orixinados deberanse acreditar ante o órgano competente para resolver por medio das correspondentes facturas emitidas de conformidade co Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

3. O financiamento das axudas previstas no artigo 3.1.c) efectuarao nun 50 % a Administración xeral do Estado, con cargo ao crédito a que se refire o número 1 do artigo 11 deste real decreto lei e, se for o caso, o restante 50 %, polas outras administracións públicas segundo os acordos que se alcancen.

Artigo 9. *Danos en infraestruturas municipais.*

Aos proxectos que execute a entidade local a que son de aplicación as medidas extraordinarias previstas neste real decreto lei, relativos ás obras de reparación ou restitución de infraestruturas, equipamentos e instalacións e servizos de titularidade local, aplicaráselles o trámite de urxencia, e o Estado poderá concederlles unha subvención máxima do 50% do seu custo.

Artigo 10. *Danos en inmobles de titularidade estatal.*

Facúltanse os titulares dos departamentos ministeriais competentes por razón da materia para declarar zona de actuación especial as áreas afectadas, co obxecto de que estes departamentos, os seus organismos autónomos e entidades públicas dependentes destes poidan levar a cabo as restauracións que procedan.

Artigo 11. *Habilitación de créditos.*

1. Facúltase o titular do Ministerio de Fomento para propor o pagamento das subvencións a que se refire o artigo 3.1.c), na parte que financia a Administración xeral do Estado, con cargo ao crédito que, co carácter de ampliable, para estes efectos se habilite nos orzamentos do dito departamento.

2. Facúltase o titular do Ministerio de Política Territorial e Administración Pública para propor o pagamento das subvencións a que se refire o artigo 9, na parte que financia a

Administración xeral do Estado, con cargo ao crédito que para estes efectos se habilite nos orzamentos do dito departamento, así como para establecer o procedemento para a súa concesión, seguimento e control, no marco da cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

3. De conformidade co establecido no artigo 50.1.b) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, os créditos a que se fai referencia nos números anteriores financiaranse con cargo ao Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria.

4. Os remanentes que poidan presentar os citados créditos ao finalizar o exercicio 2011 poderán ser incorporados ao exercicio seguinte.

Artigo 12. *Beneficios fiscais.*

1. Concédese a exención das cotas do imposto sobre bens inmobles correspondentes ao exercicio 2011 que afecten vivendas, establecementos industriais e mercantís, locais de traballo e similares, de natureza urbana, situados no municipio de Lorca (Murcia), danados como consecuencia dos movementos sísmicos a que se refire o artigo 1 deste real decreto lei, cando se acredite que, tanto as persoas como os bens situados naqueles tivesen que ser obxecto de realoxamento total ou parcial noutras vivendas ou locais diferentes ata a reparación dos danos sufridos.

2. Concédese unha redución no imposto sobre actividades económicas correspondente ao exercicio de 2011 ás industrias de calquera natureza, establecementos mercantís e profesionais cuxos locais de negocio ou bens afectos a esa actividade fosen danados como consecuencia directa dos movementos sísmicos, sempre que tivesen que ser obxecto de realoxamento ou se producisen danos que obriguen ao peche temporal da actividade. A indicada redución será proporcional ao tempo transcorrido desde o día en que se producise o cesamento da actividade ata o seu reinicio en condicións de normalidade, xa sexa nos mesmos locais, xa sexa noutros habilitados para o efecto, sen prexuízo de considerar, cando a gravidade dos danos producidos dea orixe a isto, o suposto de cesamento no exercicio daquela, que producirá efectos desde o día 31 de decembro de 2010.

3. A exención das cotas nos tributos sinalados no número anterior comprenderá a das recargas legalmente autorizadas sobre aquel.

4. Os contribuíntes que, tendo dereito á exención establecida neste artigo, satisfixesen os recibos correspondentes ao dito exercicio fiscal, poderán pedir a devolución das cantidades ingresadas.

5. A diminución de ingresos que o disposto neste artigo produza no Concello de Lorca será compensada con cargo aos orzamentos xerais do Estado, de conformidade co establecido no artigo 9 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

6. Estarán exentas das taxas da Xefatura Central de Tráfico establecidas pola Lei 16/1979, do 2 de outubro, a tramitación das baixas de vehículos solicitadas como consecuencia dos danos producidos polos movementos sísmicos e a expedición de duplicados de permisos de circulación ou de condución destruídos ou extraviados por estas causas.

7. De acordo co previsto no citado texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Lorca poderá acordar, no ámbito das súas competencias, mediante ordenanza fiscal, a exención da taxa por expedición de licenza de obras para reparación de vivendas sinistradas situadas nesa localidade.

Artigo 13. *Reducións fiscais especiais para as actividades agrarias.*

Para as explotacións e actividades agrarias, localizadas no artigo 1 deste real decreto lei, e conforme as previsións contidas no número 4.1 do artigo 37 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, e no número 3 do artigo 38 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, o Ministerio de Economía e Facenda, á vista dos informes do Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Mariño, poderá autorizar, con carácter excepcional, a redución dos índices de rendemento neto a que se refire Orde EHA/1034/2011, do 25 de abril, pola que se reducen para o período impositivo 2010 os índices de rendemento

neto e o índice corrector por pensos adquiridos a terceiros aplicables no método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas para as actividades agrícolas e gandeiras afectadas por diversas circunstancias excepcionais.

Artigo 14. *Medidas laborais e de Seguridade Social.*

1. Os expedientes de regulación de emprego que teñan a súa causa directa nos danos producidos polos acontecementos catastróficos sinalados, así como nas perdas de actividade directamente derivadas deles que queden debidamente acreditados terán a consideración de provenientes dunha situación de forza maior, coas consecuencias que derivan dos artigos 47 e 51 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo. Nos casos en que se produza extinción do contrato, as indemnizacións dos traballadores correrán a cargo do Fondo de Garantía Salarial, cos límites legalmente establecidos.

Nos expedientes en que se resolva favorablemente a suspensión de contratos ou a redución temporal da xornada de traballo con base en circunstancias excepcionais, o Servizo Público de Emprego estatal poderá autorizar que o tempo en que se perciban as prestacións por desemprego, reguladas no título III do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, que traian a súa causa inmediata das catástrofes, non se compute para os efectos de consumir os períodos máximos de percepción establecidos. Igualmente, poderá autorizar que reciban prestacións por desemprego aqueles traballadores incluídos nos ditos expedientes que carezan dos períodos de cotización necesarios para ter dereito a elas.

2. Para levar a cabo as obras de reparación dos danos causados, as administracións públicas e as entidades sen ánimo de lucro poderán solicitar do servizo público de emprego competente a adscrición de traballadores perceptores das prestacións por desemprego para traballos de colaboración social, de acordo co disposto no artigo 213.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

3. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social autorízalles a aquelas empresas que teñan traballadores en alta, así como aos traballadores encadrados no réxime especial de traballadores autónomos que resultasen afectados polo movemento sísmico e así o acrediten a ampliación do prazo regulamentario do ingreso das cotas da seguridade social.

As cotas cuxo prazo de ingreso poderá ser ampliado serán correspondentes aos tres meses seguintes á data deste real decreto lei e o cómputo iniciarase na liquidación de abril de 2011 para as empresas, e na liquidación do mes de maio de 2011 para os traballadores autónomos.

A autorización para diferir o prazo de ingreso das cotas será como máximo de doce meses, contados desde a data en que estas deberon ser ingresadas.

A presentación das solicitudes deberase efectuar na Dirección Provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social de Murcia, ou nas súas administracións.

As cotas cuxo prazo de ingreso fose ampliado non comportarán recargas nin xuros.

O desconto das achegas dos traballadores e o seu ingreso deberase efectuar no prazo regulamentario.

A competencia para resolver e autorizar a ampliación do prazo recaerá no director xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Igualmente, e para os períodos a que se refire o número segundo, a Tesouraría da Seguridade Social poderá conceder aprazamentos das cotas da Seguridade Social para os empresarios e traballadores autónomos afectados. En relación con tales aprazamentos e tendo en conta as circunstancias acaecidas, poderanse conceder tres aprazamentos consecutivos por cada unha das cotas ou un só, comprensivo de tales períodos. Igualmente, poderanse prever períodos de amortización de ata doce meses.

Nos supostos de imposibilidade de cumprimento dos prazos administrativos previstos na normativa que regula as obrigas en materia de inscrición de empresas de afiliación, alta e baixa de traballadores, e recadación de cotas, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá autorizar a ampliación dos prazos establecidos cando xustifiquen esta necesidade as empresas e os traballadores autónomos

Artigo 15. *Réxime de contratación.*

1. Para os efectos previstos no artigo 97 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, poderán ter a consideración de obras, servizos ou subministracións de emerxencia, logo do correspondente acordo do órgano de contratación previsto no número 1, letra a, do citado artigo, os contratos de reparación ou mantemento de infraestruturas, equipamentos ou servizos, así como as obras de reposición de bens prexudicados pola catástrofe, calquera que sexa a súa contía.

2. Declárase urxente a ocupación dos bens afectados polas expropiacións derivadas da realización das obras a que se refire este artigo, para os efectos establecidos no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

3. Para a tramitación de expedientes de contratación de obras non incluídas no artigo 110.2 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, dispensarase do requisito previo de dispoñibilidade dos terreos, sen prexuízo de que a súa ocupación efectiva deberá ir precedida da formalización da acta de ocupación.

Artigo 16. *Liñas preferenciais de crédito.*

Instrúese o Instituto de Crédito Oficial (ICO), na súa condición de axencia financeira do Estado, para instrumentar unha liña de préstamos por importe de ata 25 millóns de euros, que poderá ser ampliada polo Ministerio de Economía e Facenda en función da avaliación dos danos e da demanda conseguinte, utilizando a mediación das entidades financeiras con implantación na Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia, coas que se subscribirán os oportunos convenios de colaboración.

Estas liñas de préstamo, que terán como finalidade financiar a reparación ou reposición de instalacións e equipamentos industriais e mercantís, agrícolas, forestais, gandeiros e de regadío, automóbiles, motocicletas e ciclomotores de uso particular, vehículos comerciais, maquinaria agrícola e locais de traballo de profesionais que fosen danados como consecuencia dos movementos sísmicos, materializaranse en operacións de préstamo concedidas por estas entidades financeiras, cuxas características serán:

1. Importe máximo: o do dano avaliado pola Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia ou, se for o caso, polo Consorcio de Compensación de Seguros, descontado, se for o caso, o importe do crédito que puidesen subscribir con cargo a liñas de crédito preferenciais establecidas por iniciativa da Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia.

2. Prazo: cinco anos, con un de carencia, se é o caso.

3. Xuros: o tipo de cesión polo ICO ás entidades financeiras será do 1,50 % TAE, cunha marxe máxima de intermediación para estas do 0,50 %. En consecuencia, o tipo final máximo para o prestameiro será do 2 % TAE.

4. Tramitación: as solicitudes serán presentadas na entidade financeira mediadora, a cal decidirá sobre a concesión do préstamo, e será ao seu cargo o risco da operación.

5. Vixencia da liña: o prazo para a disposición de fondos rematará o 31 de marzo de 2012.

A instrumentación da liña de préstamos a que se refire este artigo levaraa a cabo o ICO, no exercicio das funcións a que se refire a disposición adicional sexta.dous.2.letra a) do Real decreto lei 12/1995, do 28 de decembro, sobre medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira e, na súa virtude, o quebranto que para o ICO supoña o diferencial entre o custo de mercado da obtención dos recursos e o tipo antes citado do 1,50 % será cuberto con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

Artigo 17. *Comisión interministerial.*

1. Créase unha comisión interministerial para a aplicación das medidas establecidas neste real decreto lei, coordinada pola Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias, e integrada por representantes da Presidencia do Goberno e dos ministerios do Interior, de

Economía e Facenda, de Política Territorial e Administración Pública, de Defensa e de Fomento, de Traballo e Inmigración, de Medio Ambiente, e Medio Rural, e Mariño, da Presidencia e de Sanidade, Política Social e Igualdade, así como polo delegado do Goberno na Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia e por un representante do Consorcio de Compensación de Seguros.

2. A determinación de danos e a avaliación xeral das necesidades atendidas coas medidas previstas neste real decreto lei levaraa a cabo a comisión a que se refire o número anterior, en coordinación coas autoridades da Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia e a Delegación do Goberno na dita comunidade autónoma.

Artigo 18. *Convenios de colaboración con outras administracións públicas.*

1. A Administración xeral do Estado, a Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia e, se for o caso, o Concello de Lorca poderán subscribir os convenios de colaboración que resulten necesarios para a aplicación das medidas previstas neste real decreto lei.

2. En especial, poderanse subscribir convenios destinados especificamente á reparación de bens culturais danados como consecuencia dos feitos descritos no artigo 1 deste real decreto lei.

Disposición adicional primeira. *Facultades de control.*

As administracións intervinientes no financiamento das axudas previstas neste real decreto lei reservan para si a facultade de controlar o cumprimento do seu obxecto, condicións e finalidade, de conformidade co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e disposicións concordantes.

Disposición adicional segunda. *Competencias da Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia.*

O establecido neste real decreto lei enténdese sen prexuízo das competencias que corresponden á Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia ao abeiro do seu estatuto de autonomía.

Disposición adicional terceira. *Aboamento anticipado de pagas extraordinarias.*

Con carácter excepcional, anticipase ao día 1 de xuño de 2011 o aboamento da paga extraordinaria, correspondente ao período decembro de 2010 a maio de 2011, aos pensionistas do Sistema da Seguridade Social, nas súas modalidades contributiva e non contributiva, residentes na localidade no ámbito de aplicación deste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno e os titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, ditarán as disposicións necesarias para a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de maio de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO